

Addenda á Programación Didáctica de Iniciación á Actividade Económica e Empresarial de 4ºESO, realizada no mes de abril de 2022, para adecuala ao establecido na Orde do 25 de xaneiro de 2022 (DOG de 11/2/2022).

As modificacións introducidas en base á nova norma quedan incorporadas na forma que aquí se recolle, e esta nova redacción será de aplicación a dita asignatura.

Materias de ESO (IAEE de 4ºESO)

Os criterios e procedementos que se seguirán para establecer a cualificación numérica de cada avaliación parcial (trimestral) son os seguintes:

- As probas escritas (Exames) contarán un 75% da nota da avaliación. En cada avaliación realizaranse a lo menos dúas probas escritas cos contidos dados nese período.
- Os apartado Exercicios contará un 15% da nota da avaliación. Neste apartado inclúiranse os exercicios pedidos para casa, as tarefas feitas no aula, o cuaderno de aula, así como as presentación ou exposición orais que se poidan pedir por avaliación.
- A actitude contará cun 10% da nota da avaliación. Aquí incluímos o comportamento, o respecto a profesores e compañeiros, e actitude positiva hacia a materia.
- Na 1ª e 2ª avaliación realizarase una proba escrita de recuperación para o alumnado que non obtivera una cualificación positiva (é decir, igual ou superior a 5) que incluírá exercicios e cuestións relativas ós temas dados na avaliación. Unha vez cualificado ese exame teremos unha nova nota no apartado Exames, coa cal recalculemos a nota da avaliación do seguinte xeito:

Cualificación= 75% nota do Exame de Recuperación + 15% nota do apartado exercicios+ 10% nota do apartado actitude.

Os criterios que se seguirán para establecer a cualificación numérica na Avaliación Final (a partires do 23 de xuño) son os seguintes:

- A cualificación final do curso será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións parciais, una vez realizadas as correspondentes probas de recuperación (tomando as notas antes do redondeo). Considerarase que o alumnado superou a materia se acada una nota mínima de "5" como resultado desa media.
- O alumnado que o 6 de xuño non estea en condicións de superar a materia e teña algún trimestre con avaliación negativa, realizará actividades de reforzo e recuperación, así como una proba escrita adicional de recuperación. Cada alumno realizará a parte correspondente á avaliación (ou avaliacións) non superada. A nota obtida en cada parte substituirá ó apartado exames no cálculo da nota desa avaliación, facendo media cos outros apartados: exercicios e actitude, do seguinte xeito:

Cualificación= 75% nota do Exame de Recuperación + 15% nota do apartado exercicios+ 10% nota do apartado actitude.

Así coa nota da avaliación (ou avaliacións) recuperada farase de novo a media aritmética das tres avaliacións para obter a nota da Avaliacion Final.

- O alumnado que a data 6 de xuño teña superada a materia realizará actividades avaliáveis de ampliación que poderán permitir a mellora da cualificación da avaliación final.
- Avaliación extraordinaria: queda eliminada polo novo marco normativo.

Metodoloxía

O alumnado con alguna avaliación suspensa disporá de todo o material necesario para repetir os exercicios de aula e preparar o/os exames a través de distintos medios: contidos do Aula Virtual, libro de texto, caderno de aula, así como as explicacións e aclaracións que aporte a profesora a petición do alumnado.